

O FARELO

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Nº28
Abril de 2019
Prezo: 2 euros

A Casa Museo de Álvaro Cunqueiro inauguruouse en Mondoñedo



Páxina XI

A Pastoriza, Mondoñedo e Riotorto terán parques eólicos



Páxina XI

Artista belga vence Grande Prémio do PortoCartoon 2019



Páginas XIII

Castro de Carballido celebra a Feira da Carne



Páxina XIV

Colóquio "Emigración para França na Década de 60" em Monção



Páxina XVII

II Xornada TurisTIC "O Turismo Intelixente", o 10 de abril en Vigo



Páxina XX



Feira do Viño de Amandi en Sober

Páxinas VIII e IX

Entrevista



Luis Risco, Fundación Risco

"Vicente Risco era unha figura complexa como era complexa a época que lle tocou vivir"

Páxina V

MONTECARLO Bar Tapería
Dende 1967
Rúa Lepanto, 11
Casco Vello
Ourense

CASA GALLEGА
NOVA XERENCIA
ALMORZOS
MENÚ DO DÍA
988 00 88 22
Ervedelo, 103
O couto. Ourense

Opinión

Por Rayma Elena Hernández García

Ser ciudadán en Cuba

Xa es ciudadán?

A pregunta carecería de sentido fóra dun contexto migratorio e nun país onde a palabra «ciudadán» era para moitos o vocativo pexorativo dun chamado policial. Pero entre 2008 e 2019, un total de 139 197 cubanos puideron, incluso, responder afirmativamente esa interrogante, gracias á Lei 52/2007 ou coñecida como Lei de Memoria Histórica, promulgada polo goberno de España.

A partir de decembro de 2008, fillos de pai ou nai español de orixe áinda que non naceran en España, e netos de quen perderon ou tiveron que renunciar á nacionalidade española como consecuencia do exilio, entre outros, puideron aspirar á dobre cidadanía, áinda cando non era admitida na carta magna de 1976, vixente ata a entrada en vigor da nova Constitución este 10 de abril de 2019.

A Lei de Netos abríalles a posibilidade, xa foran froitos do «todo mesturado» sobre o que versou o Poeta Nacional de Cuba, Nicolás Guillén, ou «purísimos» como o pasado ibérico asentado no trópico desde o século xv, e que agora se extendía ao período de 18 de xullo de 1936 e 31 de decembro de 1955, coa inclusión das vítimas da Guerra civil e a ditadura franquista.

Unha oportunidade para estreitar lazos afectivos cos seus ascendentes e as súas orixes patrias, e á vez, promover un futuro mellor: posibles axudas económicas, bolsas, e ata un novo destino, porque «facerse ciudadán» era un pasaporte expedito cara España e outras nacións, algo que non garantía a documentación cubana. Compensación

do sufrimento dos seus ancestros, que agora os netos desexan ver estendidas aos seus fillos.

Aínda non eran anos de áreas wifi nin datos móbiles; apenas algúns cibercafés e desde 2009 as oficinas de Correo con tarifas incompatibles, pero congestionábase o sitio citapreviacon-



sular@maec.es. A axuda de amigos de Cuba o do exterior, e o negocio das citas xurdido entre os poucos conectados privados, facía posible o milagre dunha quenda inicial para o Consulado de España na Habana.

Desta maneira, miles de cubanos comenzaron a enriquecer a cadea evolutiva do inmigrante español, que, en estereotipada caracterización, se reducía a colonizadores, soldados españoles e homes e mulleres que fuxiron da miseria. Aínda máis sintetizada e despectiva: malditos galegos e galegos pobres. Porque dos grupos que nutriron a mestura que hoxe é o cubano, estes e os canarios —tal vez pola súa afliuen-

cia no século xix— foron tomados como un todo xenérico, para representar a peninsulares e os das illas.

Eu, aínda co antecedente ibérico más cercano sexa, quizais, nun xene conquistador, estive entre os que, por solidariedade con algún neto amigo, se sumaron á causa española que, pouco a pouco, foi completando o atlas etnográfico popular con historias e orixes diversas: Andalucía, Castela e León, Asturias, País Vasco, Aragón, Murcia...

Tras arduas e dificultosas investigacións xenealóxicas, descubríanse, con precisión casi satelital, provincias, municipios parroquias, ciudades, vilas, aldeas, rúas... Mentre, os regis- tros notariais, oficinas da Dirección de Inmigración e Estraneiría... rebentaban de solicitudes de certificacións de nacemento, defunción, matrimonio, de entrada ao país, cidadanía e estraneiría..., probatorias do parentesco e a condición de exiliado.

Houbo quen volveu a nacer oficialmente, porque o longo proceso de apatía registral transformou a ortografía dos apelidos orixinais. «Riscamos e nome

novo», que podía significar ata a desconexión entre o presente e as pegadas documentais de toda a vida.

A persistencia impúxose, mesmo, a rumores sobre a suspensión da canastra básica subsidiada polo Estado, e o cobro da Saúde a quen adquirira a dobre nacionalidade. Especulacións sustentadas polo argumento de que se tratava dun estatus non constitucional, e de que, ademais, a Lei podería contribuír ao éxodo de miles de persoas economicamente activas.

Ningunha das restriccións se materializou, e en Cuba só non se podía ser membro do Partido Comunista e ciudadán español.

Con todo, despois da primeira cita no Consulado, e de peticións, filas nos viceconsulados das provincias e novos documentos, non todos venceron o longo trámite colmado de demoras impostas por burocratismos, insuficiencia de persoal ante a demanda, ou por errores de aspirantes.

Dos meus tres amigos, só unha, de sangue asturiano, está entre os que, finalmente, se inscribiron no Padrón de Españois Residentes no Estranjeiro. Para elas a Lei de Memoria Histórica trazou o rumbo cara a illa de Lanzarote, onde experimenta o «cambio por traslado», témino literariamente exposto polo Premio Cervantes de Literatura Alejo Carpentier na súa novela Os pasos perdidos, e que ben podía elevarse a categoría na filosofía do emigrante. Os outros dous son parte dos alrededor de 70 000 a 75 000 varados na viaxe ás súas orixes que esperan unha resposta.

O certo é que a árbore de España extendeu as súas pólas en Cuba, cando os netos se sumaron aos emigrantes sobreviventes e aos fillos destes, para elevar a alrededor de 150 000 a cantidade de cubanos con nacionalidade española, segundo cifras publicadas no sitio España Exterior o 25 de setembro de 2018.

Agora a cuarta xeración agarda pola frutificación ou non da xa chamada Lei dos Bisnetos. A expectativa colapsou este ano o sistema de petición de citas, e a sede diplomática de España na Habana tivo que aclarar na súa conta de Twitter que a proposta de Lei 122/55 só se encontra en trámites no Congreso.

Ahora, cunha Constitución que permite adquirir outra cidadanía sen a perda da cubana, e cos camiños cara a raíz limpos polos seus pais, esperan a que un día tamén poidan darlle sentido e responder afirmativamente a unha pregunta común en Cuba: Xa es ciudadán?

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo – Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAÍS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVAIORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Faco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J. Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

Por Isidoro García

Eleccións do 28A: difícil prognóstico, difícil Congreso e difícil Goberno.

En Democracia as eleccións deben ter como obxectivo conformar un lexislativo e un executivo que, reflectindo as opinións maioritarias dos cidadáns, elixan un goberno e realicen as normas e accións necesarias para afrontar os seus problemas.

Si facemos caso á media das enquisas que, día si e día tamén, aparecen nos medios de comunicación nada está decidido respecto de os resultados das Eleccións Xerais do 28 de abril de 2019, salvo quizá o primeiro posto neses resultados, vista a evolución dos prognósticos nos poucos días que van desde a convocatoria formal de eleccións.

Os que desde sempre seguimos de cerca os procesos electorais, sempre habemos ter como referente esclarecedor o que as enquisas do CIS, que adecuadamente cociñadas cos aditivos que os resultados históricos aportaban, indi-

caban como resultados más probables, pero nesa ocasión nin o número de indecisos confesos, nin os novos ingredientes de forzas en concurso, e en ademais a inexplicable estratexia de Podemos, de presentar con novos nomes propios proxectos políticos varios, que intentan vender como proxecto único, ou o oscilante perfil ideolóxico de Cidadáns permiten atopar referencias válidas, o que fixo que o CIS opte por transmitir só o que directamente atrévense a contestar os cidadáns encuestados. Eu confesando que podo entender que deixen a cociña adivinatoria en mans dos expertos augures sociolóxicos que para iso cobran dos medios de comunicación e outros entes, pero que a min, e a outros como eu, estéanos deixando na más atroz incerteza, e creo que non é de recibo que os acreditados profesionais do CIS que teñen entre as

súas funcións buscar os medios de análises más adecuadas para manexar datos estadísticos complexos, déixennos huérfanos das súas previsións.

Co arranque dos novos dirixentes do PP cun discurso tan radical, más que conservador retrógrado, e ao socaire das propostas de FAES, co acento e reiteración no discurso sobre unha soa dereita, albiskei unha operación de alcance, consistente no traspase de cadros, militantes e votantes desde o PP de Casado a Vox, que, unha vez conseguida una certa posición de equilibrio, faría inevitable valorar a alternativa dunha fusión nunha soa forza, homologable coa francesa Frente Nacional de Le Pen, o húngaro Fidesz de Orbán ou o polaco Lei e Xustiza de Jaroslaw Kaczyski. Operación que a situación de Andalucía pareceu validar e pola que moitas das propostas electorais, e actos como o da Praza de Colón, parecen apostar. Con todo a presenza no espazo electoral conservador dunha forza como Cidadáns complica calquera aposta, e iso a pesar que os cada vez máis estraños posicionamentos dos seus dirixentes, en temas moi sensibles do electorado propio dese

espectro ideolóxico.

Respecto ao PSOE, a súa situación, ademais de demostrar o aserto de que nada desgasta máis e mellor calquera acción de goberno que á oposición, ao partir dun chan de só 84 escanos, sexa cal fora a evolución, é bastante claro que vai necesitar apoio externo para consolidarse no goberno, e non está nada claro cal será a posible factura. Evidentemente a factura será menos elevada en función de en cantos escanos aproxímense aos 130 ou 140, que poderían permitir gobernar cun só socio.

Respecto de os independentistas cataláns, as dificultades da análise non xorden das forzas en liza, ERC e as cambiantes siglas da antiga CIU, senón dun electorado que se abonou ao devandito popular: "Os suicidas de vocación non teñen solución" e duns dirixentes locais económicos, sociais e culturais incapaces de comprender o mundo da globalización e a soberanía compartida.



Por Manuel Estévez

O día que Diego de Giraldez, entrou no Bar Roucos

Achoiva e o vento naquela mañá última do mes de xaneiro batía con forza nas fiestras dos franciscanos na Rúa Santa Marta, a un pe do Berbés.

O pintor hiperrealista, Diego de Giraldez, deixara o coche perto da entrada que da acceso as hortas do Barrío do Cura e por volta do mediodía, puxo por primeira vez o pé no Bar Roucos, rexentado polos irmáos Sira e Xosé Antonio Carrasco, herdeiros dos inesquecibles Sem e Adela, fillos do Ribeiro de Avia, Cenlle e San Amaro, que chegaran a Vigo hai mais de medio século para instalarse nas saias do Monte Castro, neste lugar que pouco a pouco, foi incrementando a clientela, personaxes, pintores e intelectuales, daquí e dacolá, convertendo o espazo nun fervedoiro creativo.

O surrealista fillo predilecto de A

Cañiza, onde se ubica o Museo NAS, no mesmo edificio que noutrora fora Cuartel da Garda Civil e a pesar de residir no Barrio vigués de O Calvario, no outro lado da cidade, descoñecía o templo gastronómico e cultural que bautizaron Antón Pulido e Bieito Ledo, ficando abraiado a ver pendurado nas paredes tantas testemuñas doutros días, deseños de Laxeiro, Barreiro, unha cabeza de Sem firmado por outro inesquecible, Xose Guillermo, O Berbés de Manuel Caballero, pirogravados nos que se poden ollar outras cabezas de Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro ou Ferrín, alén de recortes de prensa con entrevistas do autor de "Polvora e magnolias" e mesmo un poema que noutrós días escribira Bernardino Graña, onde o vate de Cangas reflecte o ambiente do recanto culinario.



Diego de Giraldez con Manuel Estévez no Roucos

!Teño que voltar!. Afirmito o pintor que acaba de presentar un libro de "Anatomía Artística y visión patológica" na Casa de Cultura da Praza da Princesa, ademais de expoñer nunha sala do Concello nun ciclo encuadrado no programa "Mostr@rte" e representado en innumerables Museos de aquí e alem do Paradanta.

Pouco despois de marchar, entrou no local, Secundino Diz, militante de

paleta e territorio no Barrio do Calvario, onde este último acude cada noite en busca das musas para logo retirarse o romper o día o seu cuartel, creador que durante a súa longa vida tivo moitas residencias e estudos, infelizmente o último antes do cambio, abrasado polas chamas que levou bastante obra por diante, pintando na actualidade noutro cuartel privilexiado da cidade. No Areal.

Opinión

■ Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Quen honras fai, honras merece

En certa ocasión fun convidado a visitar as instalacións da Escola de Negocios dunha entidade financeira xa desaparecida. Cando chegamos ao aulario, o director do centro quixo que reparase que todas as aulas estaban dedicadas a coñecidos empresarios e teóricos da ciencia económica. Todos, por suposto estranxeiros. Mais ningún galego. Quedou sorprendido cando lle preguntei cal era a razón de tal discriminación. Serica ninguén lle fixera tal observación. Naquel centro académico tampouco se programaban módulos formativos dedicados a estimular no alumnado o coñecemento imprescindible da realidade socioeconómica galega para o exercicio das súas actividades empresariais. Tamén estaba fachendoso da avanzada tecnoloxía coa que estaba dotado o centro, pero pouco preocupado por

formar ao seu alumnado na historia do pensamento económico galego.

Mellor nos tería ido se os centros universitarios dedicados a fornecer de cadros dirixentes ás empresas do país lles ofrecense a debida formación para espertar neles o interese pola historia económica e os protagonistas excepcionais, que os houbo, no contexto de cadansez momento. Daquela, hoxe a economía estaría máis identificada coas verdadeiras orientacións que informan o alcance da responsabilidade social empresarial.

O Foro E. Peinador vén insistindo, na medida das súas posibilidades, para que as universidades galegas incorporen aos currículos académicos programas formativos que fornezan ao alumnado de coñecementos da historia do pensamento económico de Galicia. Por iso é de xustiza que traímos aquí o exem-

plio da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña, da que é decano don Anxo Calvo Silvoso, que lle dedicou a Isaac Díaz Pardo, un empresario de referencia, unha aula. Con esta acción conséguese que o alumnado se familiarice coa memoria de quen converteu a empresa de cerámica Sargadelos nunha marca que se proxectou no mundo asociada a un país cunha cultura e lingua de seu.

Outro tanto está a facer a Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo. Continuando o proxecto de galeguizar o aulario iniciado hai dous anos, celebrará o próximo día 4 de abril dous actos salientes: unha mesa redonda protagonizada por empresarios que asumiron a galeguidez das súas actividades, e a descuberta dunha placa que dará o nome de Isaac Díaz Pardo a unha aula coa correspondente descripción biográfica: "Pintor, deseñador, ceramista. Comprometido coa dinamización sociopolítica e em-

presarial para a modernización e a internacionalización da cultura"...

O equipo directivo da Escola e a súa decana, dona Consuelo Currás Valle, son merecentes do recoñecemento de cantos saben que na galeguización de Galicia as universidades teñen moito que dicir e facer.

E xa que estamos a falar de honras, anunciamos que o día 6 do mesmo mes celebrarase na Casa do Concello de Mondariz-Balneario o acto institucional de entrega da Medalla de Ouro do Concello ao Foro E. Peinador, que a Corporación Municipal lle concedeu por unanimidade. Unha distinción xustificada por mor do labor na divulgación da figura e obra de Enrique Peinador Lines, o empresario de máis proxección internacional que tivo Galicia no século XX que identificou o seu prestixio coa vila balnearia.



■ Por Jesús Témez Fernández

Trudeau e Alemaña

Trudeau contra as cordas, o líder canadense é acusado de presionar ao ministerio fiscal do seu país para que frease as investigacións a unha empresa de enxeñería nacional acusada de emitir subornos a favor do réxime de Gadafi. Pois sí, resulta que o gran defensor das minorías indíxenas, dos colectivos LGTBI, dos inmigrantes, do liberalismo comercial e do feminismo é un perfecto corrupto, e ademais dos de manual. Cando utilizo esa expresión no ámbito da corrupción refírome á ardorosa defensa dos intereses das grandes empresas nas que se enganan os líderes con poder público. Trudeau, cara amable do pensamento

políticamente correcto non é unha excepción pero resulta rechamante a pouca difusión que se fai ao caso nos mainstream internacionais. Non me quero imaginar se fose Trump, Orban ou Tsipras os ríos de tinta que corresen e as chamadas internacionais e teléfonos vermellos destinadas a provocar o seu cesamento ou dimisión. En fin, sexamos bos e pensemos que o seu eleinte telegenia cativa e fagocita todo desexo na súa contra.

A empresa tecnolóxica alemá T-SYSTEMS colaborou co proces segundo informacións destacadas polos medios internacionais e nacionais; unha más no debe de Merkel cara a España, país

ao que nunca respectou, tido en conta e valorado (sentenzas reiteradas dos tribunais de Schleswig-Holstein rachando o principio sacroso da euroorden). Con todo a fanfarria política conservadora deste país adóraa, fascínase por ela, senten emocionalmente atraídos por unha muller dura, flemática que os genuflexa reiteradamente. Iso é síndrome de Estocolmo en grao paroxístico; a muller que más fixo por destruír Europa nos momentos de máxima zozobra da crise, que só mirou ao seu embigo en termos de rendibilidade da crise é vista hoxe en día por unha banda da socialdemocracia e da familia conservadora como a elixida, a líder suprema. Insisto, non saio do meu asombro do nivel de estulticia que rezuma a clase política española e europea destes convulsos

tempos.

China está a pasar de ser investidora estratégica en Europa a inimiga comercial pola troika comunitaria. O seu xa indisimulado proxecto megalómano da nova ruta da seda xera inquietude nas hostes comunitarias que empezan a ver que as chamadas a un comercio máis xusto e reciprocidad investidora do que alertou a administración Trump empeza a estalarlle nos seus propios narices. E o meu ánimo non está en criticar a China; todo o contrario, está a facer o que en diferente forma fixeron os británicos primeiro e máis adiante os americanos na anterior orde mundial; onde as dan tómanas, ou non nos acordamos das guerras do opio?.



Para ler os restantes artigos dos nosos colaboradores visite a nosa web www.novasoeixoatlantico.com

**Xornal galaico-portugués busca
XORNALISTA e COMERCIAL para ALTO MINHO**
Condicóns excelentes. Precísase curriculum e experiencia
Dirixirse a: redaccion@novasoeixoatlantico.com

Por Moncho Mariño

Luis Risco, Fundación Risco

“Vicente Risco era unha figura complexa como era complexa a época que lle tocou vivir”

Luis Risco é o actual presidente da Fundación Vicente Risco. Falamos con el sobre a figura do escritor, debuxante e multifacético representante da Xeración Nós. O motivo é un achegamento que anime a explicar e investigar máis unha figura que, du-

rante moito tempo, foi controvertida mesmo para o nacionalismo galego e outros sectores políticos en Galicia. Por outra banda, a Fundación está a realizar traballos de recuperación etnográfica e cultural co apoio de diversas institucións públicas e privadas.

-Cal foi a motivación máis importante para a creación da Fundación Vicente Risco?

A fundación foi creada polo seu fillo Antón para que todos os fondos do seu pai e os que tiña na casa de Ourense, onde vivía unha filla e os propios fondos de Antón Risco, quedasen xuntos na casa onde naceu o mesmo Antón en Allariz. Un pouco tamén para evitar a dispersión da documentación e coa creación da Fundación, non só recordar a Antón e Vicente Risco, senón tamén para anovar e profundizar os seus discursos daqueles temas que lles interesaban. Isto non era só o ámbito literario, senón en cuestións sociais, culturais ou políticas.

-Por que levaron a Fundación a Allariz e non quedou en Ourense?

Pois porque o mesmo Antón Risco nacera en Allariz, xusto nesa casa onde está a Fundación. En Ourense Vicente Risco vivía de aluguer. Cando deciden crear a Fundación, deciden facelo nun lugar onde Antón tivese moitas vivencias, como o seu nacemento. Todos os fillos de Vicente Risco naceron nesa casa, que era da muller e o mesmo Vicente está enterrado en Allariz.

-Vicente Risco era unha persoa ben formada, mais con todo o traballo que fixo cal cre que sería a súa obra cul-

minante?

Hai traballos de Vicente Risco co que son más descoñecidos, en parte porque foron publicados postmortem e tamén, polas circunstancias da época, tivo que facerse en castelán como La puerta de paja ou La historia de Oriente contada con sencillez, onde hai unha visión non eurocentrista do mundo oriental. Tamén hai moito pequeno traballo persoal. No ámbito xornalístico, El libro de las horas, é un referente porque Vicente Risco é un dos mellors articulistas da cotidianidade do mundo hispánico do século XX, non o digo eu, díño xente como Tripiello e moitos críticos da columna xornalística que o teñen como un referente. O propio O Porco de pé ou O doutor Alveiros. A Risco hai que lelo moito e sabelo contextualizar.

-Foi unha figura complexa.

Foi unha figura complexa como complexa foi a súa época. Considero que o problema que ten Vicente Risco é a simplificación do seu discurso, a que foi sometido inxustamente por parte de determinados sectores, mesmo certa incomprendición de parte do nacionalismo de esquerda. Esa simplificación é o que dá, un Risco “facha”, el era católico como eran moitos, mais era un home tolerante, liberal, vanguardista e aberto ao mundo. Todo iso contradí-



o mundo ultraconservador e fascista onde o encaixaron. Causa que el no seu vivir era un conservador pero outra é que quixese unha sociedade pechada ou elitista. Moita xente nova quería estar con el. O berce do Partido Comunista en Ourense sae da tertulia de Vicente Risco. E como recoñecían Quesada ou Acisclo Manzano, foi Risco quen lles deu formación e información.

-Hai unha parte de Vicente Risco que non é tan coñecida, entendo.

Era unha persoa tolerante con outras ideas. Todo iso entra en contradicción con esa visión que lle queren dar, tan reducionista. O que pode ter que ver coa educación franquista, ou branco ou negro, sen matices. A Risco haino que ler con moitos matices. En varias cuestións era moi progresista, un exemplo era o rexeitamento aos concursos femininos de beleza, porque os consideraba unha degradación da muller. Hoxe en día iso estase poñendo en valor. Tamén cando di que o Ano Santo acabará sendo para turista e nada de espiri-

tualidade. Ao final de O porco de pé, hai unha frase “o mundo das finanzas contrólao todo”. Tamén está o seu discurso ecoloxista de respecto cara a terra. Por tanto hai unha visión sesgada dependendo de cara onde interese.

-Otero Pedrayo, Cuevillas e Risco, unha tríada ourensá. Que pegada lle deixaron Otero e Cuevillas a Risco?

A pegada é anterior, coa Comisión Provincial de Monumentos, sen ella non existiría nin Otero Pedrayo nin Cuevillas nin Risco. Xente como Vázquez Núñez, Marcelo Macías, Fernández Alonso ou Primitivo Sanjurjo que os introduciu no orientalismo e no ioga. Sen esas persoas vinculadas ao museo arqueolóxico non se entendería a Xeración Nós.

-Dentro da Fundación hai unha programación fixa con diversos actos. Cales son os motivos para darlle adiante a esta programación?

A programación é unha parte que a moita xente lle choca. Desde a Fundación pensamos que temos que cumplir cun fin académico, social e insti-

tucional. Temos unha exposición permanente sobre O porco de pé, do artista Javier Varela. Esta exposición complementa o espazo da casa onde recreamos o despacho ou gabinete de Vicente Risco. Á parte, temos unha sala de exposicións temporais. Risco tiña unha ampla relación coas artes plásticas, mesmo hai deseños sobre os que hai dúvidas se son de Castelao ou Risco. Tamén está a custodia da documentación tanto de Vicente como de Antón, elementos que estamos catalogando e dixitalizando.

-Queda moito traballo?

Queda traballo para acabar de catalogar e rexistrar en bruto uns catro ou cinco anos. Máis polo miúdo con libros quedaría moito máis, pero imos con calma. Tamén estamos complementando con outras ofertas a oferta cultural de Allariz. Temos ciclos de música de cámara aproveitando o piano que foi da muller de Vicente. Un grupo residente de gaita de fol, para recuperar este instrumento para música erudita, concretamente para música barroca.

Opinión

Por Nemésio Barxa

Jurídico e político, dous términos em simbiose

Que semelham aliados quando de desprecio ao idioma galego, a nosso idioma, respecta. O do título é pura ironia produto do cabreiro que me ocasionam os recentes comentários e resoluções judiciais sobre a língua. Se partirmos de que o Estatuto de Autonomia da Comunidade Autónoma de Galiza, vigente desde 06.04.81 com texto consolidado de 17.07.10 manifesta no seu "art. 5º.1. A língua própria de Galiza é o galego" não há dúvida, o galego é a única língua própria de Galiza. E segue "2. Os idiomas galego e castelhano som oficiais na Galiza e todos tenhem o direito de conhecê-los e usa-los"; é dizer que existe outro idioma, que não é língua própria de Galiza, que é o castelhano, ao que se concede a co-oficialidade, outorgando a todos o direito de conhecê-los e usá-los; resulta curioso que o idioma que não é o próprio de Galiza tem uma blindagem no artigo 3.1 da Constituição espanhola que obriga a seu conhecimento incluso na Galiza, onde é um idioma estranho; certamente o idioma da Galiza era unicamente o galego até a conquista do reino polo de Castela, que impus seu idioma. E ainda continua: "3. Os poderes públi-

cos de Galiza garantem o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciam a utilização do galego em todos os ordens da vida, pública, cultural e informativa e disponam os medios necessários para facilitar seu conhecimento". Bom, ainda que garantem por igual o "uso" dos dous idiomas, o próprio e o estranho, há um reconhecimento claro da lingua própria e de que o galego fica em inferioridade de condiciones respecto do seu uso, polo que esses poderes públicos venhem obrigados a "potenciar a utilização do galego"; resulta evidente que o próprio Estatuto admite uma minusvalia ao galego no seu uso em todos os ordens da vida pública e que, polo tanto, "devem dispor de medios necessários para facilitar seu conhecimento"; e segundo este mesmo critério no artigo 27, referente ás competências exclusivas da Comunidade Autónoma, sinala expressamente no núm. 19 o "fomento da cultura e da investigación..." e segue no 20 "a promoção e ensino da língua galega". O artigo 5º ainda tem um nº 4 redigido assim "Ninguém poderá ser discriminado por razão da língua".

Tratei de ser o mais didático possível para reunir aquelas normas que

nos falam dos direitos a usar e conhecer o galego e as obrigas legais de promocionar, potenciar e facilitar seu conhecimento e ensino. Pois bem, esta é a norma reitora da nossa autonomia e parceria politicamente impossível que um partido político de governo e governando levasse a cabo uma desfeita no uso e ensino do galego, contravindo as normas expressas e claras do Estatuto e não por passividade senão por ativa política de limitar seu ensino, reduzir seu uso na administração, retroceder na promoção, castigar aos medios informativos que utilizam o galego mentras potenciam aos grandes medios que utilizam de jeito exclusivo o castelhano, mantendo uma "radio galega música" que emite o 75% da sua programação em musica espanhola e a galega sem qualidade, e uma RTVG castelhanizada (o do nível é a maiores); sendo totalmente indiferente ás noticias falsas sobre a situação do castelhano em relação com o galego... Nem promove, nem potencia nem facilita nem fomenta a utilização do galego nem dispõem dos medios necessários para facilitar seu conhecimento, como estabelece claramente a Lei reitora da nossa Autonomia. Febleza que resulta tanto evidente que já o Instituto Cervantes diz que se falas castelhano não deves empregar a nome autêntico das cidades galegas senão o castelhanizado, só se falas em galego podes utilizar os topónimos legais e

genuíños; não escoitei nunca e esse Instituto que dissera que só se falas em euskera poderia chamar a Vitoria Gastei ou a San Sebastián Donostia ou que tes que falar catalão para dizer Lleida ou Girona; amiguinho, essas Comunidades tenhem outros políticos, que com dignidade defendem sua cultura, seu idioma. Tambem a TV5 utiliza o Orense e La Coruña sem que haja uma reclamação nem a RENFE quando por As Neves utiliza "Nieves". Normal, os mandarins de esta terra, submissos agradecidos ao que mandam desde fora, porque som uns pobrinhos sem pessoalidade e sem sentimento do próprio, toleram que seus chefes, naturalmente em Madrid, ameacem já com que se governam reduziram e minimizaram o uso do idioma autonómico nos colégios. Naturalmente seguirão fazendo o politicamente impossível, desacatando e desprezando o texto do Estatuto.

E do mesmo jeito que os políticos ignoram e desprezam a norma os tribunais ratificam e consideram que juridicamente cabe o politicamente impossível. E também eles "falham" contra a língua e a cultura.

Som muitas mais as cousas que temos a defender e a mesma conclusão será aplicável, mas que difícil resulta defender a língua e a cultura sem independência!



Cada vez menos nos..

Leo no Novas do Eixo Atlântico um artigo autocoplacente sobre o avanço nos Julgados do uso da nossa fala nacional mercede á lavoura da Irmandade Xurídica Galega; sem restar importância a essa Associação que coesiona os esforços que no âmbito jurídico se realizam para galeguizar os julgados, penso que a atitude em geral dentro de esse coletivo segue a ser desfavorável ao uso do galego quando não notoriamente oposto. E devemos reconhecer que nos doa. Desconheço quais som as atividades dessa Irmandade Xurídica Galega,

mas o que sim me consta é que nem noticias dela teve nos diversos conflitos que sofrem nos julgados polo meu emprego constante e único da língua própria de Galiza; apanhei-me só, melhor ou pior. Há muitos problemas para normalizar o uso do galego na justiça, problemas próprios da sociedade na que vivemos, de que os juízes entendem que rebaixariam seu status se empregassem uma língua de segunda, uma língua "proletária" acrescentado pôla dificuldade que lhes supõe a leitura no idioma distinto ao do império que é no que estudaram, no que se desen-

volvem nas suas relações sociais e profissionais, no que consultam os textos legais, nos que lhe chega a jurisprudência, etc. Com os advogados também influi o desconhecimento, a dificuldade ao redigir os escritos forenses e ter perdido seu sentimento de povo culto para submeter-se a outra cultura que também consideram de primeira. E os Colégios de Advogados se desentendem por completo do problema (que é um direito) idiomático por comodidade e porque tampouco querem problemas com a judicatura; preferem ser desertores da língua que abrir vias de atuação neste tema com juízes e com seus próprios colegiados.

Há poucos dias teve um exemplo na Festa do Colégio de Advogados

de Vigo, na que passaram polo estrado oito colegiados, a Decana mais sete agasalhados por cumprir 40 anos de colegiação, e nengum falou em galego, nem o magnífico coro, constituído por vozes de colegiados, que das quatro peças com que nos deleitou todas as quatro foram em espanhol, mas o "Gaudeamus igitur", naturalmente em latim. Na mesma festa do ano passado, também de sete ou oito homenageados só um, pelo menos um, se exprimiu em galego. Eram galegos, ou polo menos levavam mais de quarenta anos em Vigo, um deles passara os vinte-cinco primeiros anos como advogado em Castro Caldelas. (...)

... continua a leer este artigo en www.novasdoeixaoatlantico.com



CONFIANZA
É SABER
QUE NON CHE
VAN FALLAR

GADIS

En Confianza

Sober enche o “Mes de Amandi” de numerosas actividades arredor do viño

O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, deu a coñecer no miradoiro de Soutochao, en Doade, acompañado de adegueiros e viticultores, a intensa programación que compón o ‘Mes do Amandi’, así como o programa completo da XXXIX Feira do Viño de Amandi e o cartel anunciador, obra do monfortino Rodrigo Coucheiro Limeres, tamén presente no acto.

As actividades do denominado “Mes do Amandi”, previas á Feira do Viño de Amandi foron en marzo as seguintes. No Centro Sociocultural, certo do grupo de saxofóns do Conservatorio de Ourense. I Xornadas Ornitolóxicas. Actividades teóricas no Centro Sociocultural de Sober e prácticas no Canón do Sil. Na Escola de Hostalería de Rosende, xornada de maridaxe: viño de Amandi con Faba de Lourenzá I.X.P coa colaboración da Escola de Hostalería da Fundación Belarmino Fernández e I.X.P. Faba de Lourenzá. Na Praza do Concello presentación da ‘Caravana do Amandi’. Está previsto que a caravana visite na primeira semana de abril a localidade de Escairón-O Saviñao e a cidade de Lugo. Na Oficina Mu-

nicipal de Turismo presentación da Exposición de fotografía ‘Viña Sacra’ con fotos gañadoras do II Concurso fotográfico Christina Snellman. Colabora: Amigos de Manuel Jorge de Chantada. Os participantes nas ‘Merendas con Contos’ fixeron unha visita didáctica a viñedos de Amandi. Organizou a Biblioteca Pública Municipal e colaborou Viticultores do Amandi. Retransmisión en directo dende o Centro Sociocultural de Sober do Programa de Onda Cero ‘Gente Viajera de Galicia’ presentado por Susana Pedreira. Recepción na Rectoral de Gundivós á delegación do Concello de Vedra (A Coruña), encabezada polo seu alcalde Carlos Martínez Carrillo, que visitou Sober dentro das Xornadas Técnicas de Promoción e Difusión da Cultura do Viño, organizadas pola Asociación Cultural e de Festexos Populares ‘San Miguel de Sarandón’. A Banda Nova de Allariz ofreceu un concerto no centro cultura.

En abril

Ás 19:00 horas na Biblioteca Pública Municipal de Sober, presentación do libro ‘O alén dos barqueiros’ de Anxo Muíños e Humberto Loureiro, da Editorial Fanes. Organiza: Club

de Lectura Pintor de Castinandi. Xoves día 4 de 10:00 a 14:00 horas no Centro Sociocultural de Sober, 1º Concurso de sumilleres. Colabora: Escola de Hostalería da Fundación Belarmino Fernández. Venres día 5 de 10:00 a 12:30 horas visita didáctica para alumnos do CEIP Virxe do Carme ao románico de Sober. Coordina: Oficina Municipal de Turismo. Colabora: CEIP Virxe do Carme. Martes día 9 de 9:00 a 14:30 horas no Centro Sociocultural de Sober, Xornada técnica: retos e innovacións. Os viños rosados en Galicia. Organiza: Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia-EVEGA. Mércores día 10 á 11:00 horas no Centro Sociocultural, presentación da Tarxeta Postal prepago co Debuxo Gañador do Concurso de Debuxo Infantil convocado entre escolares da Comarca. Colabora: Correos.

Outras actividades

Do 13 ao 30 de abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados ao concurso de carteis da XXXIX Feira do viño de Amandi e os debuxos presentados o V Certame de debuxo infantil. Do 29 de marzo o 30 de abril na Oficina Municipal de Turismo estará exposta



Presentación do cartel oficial da Feira do Viño, no miradoiro de Soutochao.

a colección de fotografías ‘Viña Sacra’. Fotografías gañadoras do II Concurso fotográfico Christina Snellman da Asociación Amigos de Manuel Jorge de Chantada.

Cun xurado profesional celebraase una precata e cata final dos viños expostos na Feira. Entregáranse tres primeiros premios para viños tintos da añada de 2018, un premio para viños brancos da añada de 2018 e un premio para viños envellecidos en barrica. Organiza: Vinosacra

Presentáronse 51 orixinais para o concurso de selección do cartel oficial da Feira chegados de diferentes puntos do Estado. O xurado integrado polos profesionais Ivan Patiño, Manuel Valcarcel ‘Piro’, Eva F. Ferreira e Toño Parga acordaron outorgar o primeiro premio ao traballo presentado por Rodrigo Coucheiro Limeres de Monforte de Lemos e concedéronse accésitos aos traballos presentados por Víctor Miranda da Coruña,

Luis Enrique Núñez de Viloria, O Barco de Valdeorras, Carlos Gallego de Barcelona e Celso Cuñarro da Coruña.

Outro concurso ten como obxectivo elaborar unha tarxeta postal co debuxo gañador. Está aberto a todos os centros de ensino primario da comarca. A tarxeta postal prepago será remitida dende o Concello a diferentes centros galegos de todo o mundo entre outros lugares de interese turístico e vitivinícola. Talla con motoserra. O escultor Eugenio Linares fará una exhibición de talla con motoserra nos xardíns da Praza do Concello durante as xornadas do 13 e 14 de abril. Curso de galego e español para estranxeiros. Dende a Oficina Municipal de Turismo organízase un curso de español para estranxeiros orientado a casas de turismo rural, vivendas vacacionais e apartamentos turísticos. Celebraase durante a primeira semana de abril.

El vino que cuenta una historia...

STA. CRUZ DE BROSMOS
27425 SOBER, LUGO - ESPAÑA
WWW.DONBERNARDINO.COM
670 88 24 49
info@donbernardino.com

Programa de actos na Feira do Viño de Amandi

O programa de actos da XXXIX edición da Feira do Viño de Amandi (Sober) é o seguinte. Sábado 13 de abril. Ás 11:30 horas disparo de bombas de palenque anuncian o inicio da edición deste ano. Ás 12:00 horas apertura oficial a cargo de Adega Don Bernardino en lembranza a seu fundador Bernardino Rodríguez. Ás 12:15 horas actuación dun grupo de música tradicional. Ás 17:00 horas comezo da precata oficial na sala de catas do Oficina Municipal de Turismo. Ás 17:00 horas actuación dun grupo de música tradicional. Ás 18:30 concerto da Banda de Música de Sober. Ás 20:00 concerto de María do Ceo no Auditorio do Centro Sociocultural de Sober. Ás 21:30 horas actuación da Cha-

ranga Louband na Praza do Concello. Ás 23:00 horas actuación de SR. Jingels na Praza do Concello. Ás 00:00 horas actuación de Gin Toni's na Praza do Concello.

Domingo 14 de abril. Ás 10:30 horas disparo de 25 bombas de palenque (1 por cada colleiteiro participante). Ás 10:45 horas actuación da Charanga NBA. Ás 11:00 horas pasarrúas coa Banda de Música de Sober. Media hora máis tarde comenzará a cata oficial na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober. Ás 11:30 misa solemne coa bendición dos ramos, na Igrexa de Sober. Ás 12:30 horas recepción de autoridades na Casa do Concello. Ás 12:45 horas actuación da Banda de Música de So-

ber. Ás 13:00 horas pregón a cargo da cantante María do Ceo. Ás 13:30 horas entrega de premios a adegueiros. Ás 17:00 horas actuación da Charanga NBA e ás 19:30 baile coa orquestra Los Satélites.



O conselleiro de Industria inaugurando outra edición da Feira.

Concerto de saxo na Casa da Cultura de Sober



Concerto de saxofóns.

N a Casa da Cultura de Sober ofreceuse un concerto de saxofóns do grao superior do Conservatorio de Música de Ourense. Os protagonistas foron 18 rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 12 e os 19 anos. Ao remate houbo unha degustación de viño de Amandi.

Tamén se celebraron as I Xornadas Ornitolóxicas, actividades teóricas no Centro Sociocultural de Sober e prácticas no Canón do Sil.

Esta programación se inclúe no denominado Mes de Amandi que precede a Feira do Viño de Amandi a fin de semana do 13 e 14 de abril.

XXXIX FEIRA DO VIÑO DE AMANDI

SOBER
13-14 ABRIL

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO

CONCELLO DE SOBER

XUNTA DE GALICIA

RIBELLA SACRA

GADIS

ABANCA

0 Concello de Sober aproba os orzamentos nos que prima a inversión e o gasto social

O goberno local do Concello de Sober aprobou os orzamentos para o ano 2019, que ascenden a 3.283.632,98 euros, fronte aos 2.948.000 euros do pasado exercicio; unhas contas nas que prima a inversión e o gasto social. Os orzamentos destinan a gasto social preto de 700.000 euros e a investimentos 1,3 millóns de euros. Amplíase a dotación das becas de transporte universitario con axudas para alumnos de BAC e increméntase a dotación das

axudas aos clubs de fútbol, ao tempo que se crean axudas para deportistas individuais.

O goberno local segue rebaixando a débeda viva, polo que rematará o ano 2019 con pouco máis de 80.000 euros de débeda. Consignase unha partida igual que a do ano pasado para o mantemento das depuradoras rurais, que están perfectamente atendidas. No capítulo de inversión destaca a aposta pola ampliación de rede de saneamento, a mellora de alumeados cunha impor-

tante axuda do IDEA, do Ministerio de Industria. Farase tamén unha forte aposta pola vivenda a través do arranxo de 4 vivendas propiedade municipal coa axuda do IGVS.

Contémplanse preto de 350.000 euros para infraestruturas viarias, 85.000 euros para o Plan de Camiños Rurais da Consellería do Medio Rural, a mellora de núcleos onde se fixeron obras de saneamento con 70.000 euros de fondos propios, 150.000 euros para a Rúa e Praza do Cuartel dentro do Plan



Casa Consistorial de Sober.

HURBE cun 70% de axuda da Consellería de Medio Ambiente e 60.000 euros de fondos propios para mantemento de camiños e melloras nas ribeiras. Está previsto mellorar unha parte dos pendellos de Cadeiras coa axuda da Axencia Galega de Turismo. Tamén se

vai dotar una ludoteca infantil municipal con axuda do GDR.

O goberno local acordou non subir ningún imposto nin taxa neste exercicio (gardería, IBI, vehículos, Escola de Música, auga e saneamento). En canto á recollida do lixo, a taxa baixa un 10%.

Pobra de Brollón, Pantón, O Saviñao, Sober, Chantada e Bóveda incorpóranse ao premio Semente da Ribeira Sacra de 2020

Un proxecto que expón o desenvolvemento dun sistema para a detección de alérgenos en alimentos, presentado baixo o lema Sense-Z, resultou gañador da quinta edición do concurso de iniciativas empresariais convocado pola asociación Semente de Monforte. Presentouse en Monforte a nova denominación do premio de ideas empresariais Semente de Monforte, que organiza a asociación homónima, e que a partir da 6º edición pasará a chamarse Premio Semente da Ribeira Sacra, debido á incorporación de seis novos concellos da zona sur da provincia, que colaborarán no certame na vindeira convocatoria: Pobra de Brollón, Pantón, O Saviñao, Sober, Chantada e Bóveda. Ademais destes novos concellos, adhírense tamén a esta colaboración as Deputacións de Ourense e Lugo, esta última fará unha achega de 3.000 euros.

No acto estivo presente a deputada de Cultura de Lugo, Pilar García Porto, e a tenente de alcalde do Concello de Monforte de Lemos, Gloria María Prada Rodríguez, entre outras autoridades; o voceiro da asociación A Semente de Monforte, Severino Rodríguez Díaz; e a representante dos empresarios patrocinadores, María Bargaso.

Este galardón, de 16.000 euros, valora con consideración especial os proxectos innovadores e viables que teñan como obxectivo o desenvolvemento do medio rural na Ribeira Sacra, así como a posta en valor dos seus recursos. Entre os obxectivos do premio está dinamizar o tecido empresarial galego e poñer en contacto a persoas con propostas de negocio innovadoras con inversores e representantes de empresas con recursos económicos.

Do total de participantes na última convocatoria, a 5ª edición, seleccionáronse dez proxectos que os emprendedores tiveron que expoñer pu-



O Conselleiro de Economía, primeiro pola dereita, cos alcaldes dos concellos que se incorporan.

blicamente perante un xurado composto por representantes das entidades colaboradoras no premio: un voceiro de cada

una das tres universidades galegas, dous da Asociación Semente de Monforte, un de cada unha das trece empresas pa-

trocinadoras, un do Concello de Monforte de Lemos; e un do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

A Casa Museo de Álvaro Cunqueiro inaugurate en Mondoñedo

AXunta de Galicia mobiliou máis de 120.000 euros para a Casa Museo de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo para honrar e difundir o legado e a figura do célebre autor mindoniense, incentivando así mesmo o turismo literario na contorna. A apertura quedou integrada nos actos da homenaxe que, coincidindo coa efeméride do seu 38 cabodano, se lle rende ao escritor. A actuación inclúe unha parte dotacional que abrangue a adquisición de equipos audiovisuais, a instalación do sistema de seguridade e accesibilidade do centro, a produción de contidos gráficos e audiovisuais, así como da moblaxe específica para o espazo expositivo; e outra parte de documentación e deseño de contidos da musealización do que foi durante preto de 15 anos o fogar de Cunqueiro e o lugar no que escribiu algunha das súas más célebres obras.

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, lembrou que o proxecto dun museo para o príncipe das letras mindonienses "axudará a vivificar o legado" de Cunqueiro, un autor ao que cualificou de "clásico". "O século XX



O conselleiro de Cultura e Turismo asistiu á inauguración da Casa Museo de Álvaro Cunqueiro.

explicou o conselleiro foi o seu marco cronológico, o seu contexto vital, mais Cunqueiro supera ese marco e ese contexto concretos, pois Cunqueiro é un clásico" e, como clásico, "brilla e loce en calquera lugar e calquera tempo".

Rodríguez explicou que esta dotación "asoma neste día como unha moi boa nova para vindicar e reivindicar a obra de Álvaro Cunqueiro" e tamén "para a dinamización cultural e turística" de Mondoñedo, nun lugar privilexiado e de gran valor patrimonial, recordando que Mondoñedo e a súa Catedral son puntos principais dos Camiños do Norte, incluídos

na lista do Patrimonio Mundial da UNESCO.

Agradecemento

O conselleiro agradeceu ao Concello de Mondoñedo e, de xeito nominal, á súa alcaldesa, Elena Candia, a súa distinción como Cunqueiriano Emeritus. Trátase da terceira ocasión na que se brinda este recoñecemento. Na primeira edición, en 2017, correspondeulle a Francisco Cal Pardo, presidente da empresa Leadair e persoa cun gran vínculo con Mondoñedo e A Mariña, e na segunda (2018) nomeouse ao membro da RAE e catedrático de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da USC, Darío Villanueva Prieto.

O Pazo de Feiras terá un novo rocódromo



O recinto compatibilizará usos feirais e deportivos, como en Expourense.

O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete, e a directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez, visitaron o Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, onde a Xunta impulsa con máis de 170.000 euros a construcción dun novo rocódromo que se prevé que entre en funcionamento este ano. Cun investimento total previsto de máis de 387.000 euros, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Secretaría Xeral para o Deporte achegan un 45%, mentres que a Deputación asume un 35% e o Concello o restante 20%.

A infraestrutura permitirá incrementar a oferta dos equipamentos deportivos da cidade, beneficiando tanto

a actividade federada como o deporte base, e contribuíndo tamén á promoción de prácticas saudables entre a sociedade. Segundo Ramón Lete a obra será unha obra de referencia para España, para Galicia e para a cidade de Lugo, xa que o recinto compatibilizará os usos feirais e deportivos. Lete Lasa subliñou a importancia do futuro rocódromo lembrando que a escalada será deporte olímpico en Toquio 2020 e que as federacións galegas de Montañismo e Espeleoloxía suman preto de 5.500 licenzas. Sol Vázquez, salientou que esta infraestrutura permitirá incrementar a oferta de equipamentos da cidade ao tempo que se potencia a multifuncionalidade do recinto feiral.

A Pastoriza, Mondoñedo e Riotorto terán parques eólicos

O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, visitaron as obras do parque eólico Pastoriza, que se está a construir nos concellos lugueses da Pastoriza, Mondoñedo e Riotorto. Esta infraestrutura, na que a empresa galega Norvento inviste preto de 30 millóns de euros, contará cunha

potencia de 36MW, e permite a creación ou mantemento de preto de 430 postos de traballo na fase de construcción e sete na de explotación. Ademais, suporá unha importante fonte de ingresos para os concellos beneficiados, tanto a través dos impostos municipais como do canon eólico.

Ángel Bernardo Tahoces destacou o papel que están a desenvolver as enerxías re-


novables na creación de riqueza e emprego na provincia, e así, sinalou que do total de 16 parques eólicos que se están a construir nestes momentos en Galicia, 12 corresponden a Lugo, onde se están a investir máis de 330 millóns de euros. Estas actuacións, ademais, permiten crear ou manter preto de 4800 empregos na fase de construcción, e 64 na fase de mantemento.



Esta infraestrutura supón un investimento de preto de 30 millóns de euros.

Humor

MARTIRENA



FELIX



Artista belga vence Grande Prémio do PortoCartoon 2019

O artista belga Luc Descheemaeker conquistou o Grande Prémio do 21º PortoCartoon-World Festival, organizado pelo Museu Nacional da Imprensa e subordinado ao tema LÍNGUAS E MUNDO. A obra vencedora intitula-se "Money Language" e representa Trump, com uma língua de dólares.

O Segundo Prémio foi atribuído a Mojmir Mihatov, da Croácia, e o Terceiro Prémio a David Vela, de Espanha.

A qualidade dos trabalhos, levou o júri internacional a atribuir ainda 20 Menções Honrosas a artistas de diferentes países: Alemanha, Austrália, Áustria, Bélgica, Bulgária, Croácia, Cuba, Indonésia, Irão, Portugal, Roménia, Rússia e Turquia.

Em apreciação estiveram cerca de 2,700 obras, de mais de 620 artistas, oriundos de 73 países distintos, de todos os continentes. Estes números assinalam um recorde nunca registado nas edições anteriores, em termos de artistas e obras.

Bob Dylan e Fernão Magalhães dão prémios a Brasil e Portugal

A edição deste ano contemplou dois Prémios Especiais de Caricatura centrados nas figuras de Fernão de Magalhães, evocando os 500 anos da viagem de circum-navegação e Bob Dylan, músico e prémio nobel da Literatura. Os vencedores foram, respetivamente, Pedro Ribeiro

Ferreira (Portugal) e Luiz Carlos Fernandes, do Brasil.


Esta 21º edição o PortoCartoon volta a reforçar o lugar deste certame no pódio dos concursos internacionais de desenho de humor e mostra a pertinência da classificação do Porto com o 'Capital do Cartoon', proclamada em 2008.

O Júri internacional do 21º PortoCartoon teve como Presidente Honorário Georges Wolinski – cartunista do Charlie Hebdo assassinado em 2015, em Paris, e que durante uma década tinha sido presidente do Júri. Integraram o Júri 2019: Peter Nieuwendijk (presidente da FECO), Maria Milano (designer italiana), Roberto Merino (encenador), Xaquín Marín (fundador do Museo de Humor de Fene, Espanha), António Ponte (representante da Missão Magalhães/Ministério da Cultura) e Luiz Humberto Marcos (diretor do Museu Nacional da Imprensa).


Os vencedores do 21º PortoCartoon receberão os troféus (desenhados por Siza Vieira) e os Prémios durante a cerimónia de abertura da exposição, que decorrerá nas instalações do Museu Nacional da Imprensa e outros locais do Grande Porto, em junho, como tem sido habitual.



Grande Premio_Belgica_L.Descheemaeker



2º Premio_Croacia_M.Mihatov



3ºPremio_Espanha_D. Vela



PEC_Bob Dylan_1ºPremio_Brasil_L.C.Fernandes



PEC_Magalhaes_1ºPremio_Portugal_P.R.Ferreira

Castro de Carballedo celebra a Feira da Carne

Castro de Carballedo celebra a XIX edición da Feira da Carne ao caldeiro e produtos locais o domingo día 7 de abril. O programa comeza ás 12 horas coa apertura da feira e stands de artesanía e produtos locais. Ás 12:45 será o pregón a cargo de Xosé Anxo González Guerra, veciño de Trasar de Carballo (Carballedo), filólogo que desenrolou un papel im-

portante no desenvolvemento da cultura Galega. Foi o gañador do premio nacional á Innovación educativa. O pregoeiro é profesor de Lingua Galega, ten contacto co mundo rural e levou a cabo un estudo dos topónimos de Carballedo.

A unha da tarde procederáse á degustación conxunta dos productos das cooperativas de Porco Celta Tres Fuciños,

Faba de Lourenzá e Requeixo con mel. Media hora máis tarde iniciarase a venda de carne ao caldeiro no recinto feiral. As catro da tarde actuará un grupo orquestal. Todo o recinto feiral, desde as 12 da mañá, estará ambientada polo grupo de gaitas da comarca Os Chantadiños. Coma cada ano, esta celebración está organizada pola Asociación de Veciños O Bugaiño.



**XIX FEIRA DA CARNE Ó CALDEIRO
E PRODUTOS LOCAIS 7
ABRIL 2019**

CASTRO CARBALLEDO

ORGANIZA:
Asociación de Veciños do Castro

COLABORAN:
Málaga Spain
CULTURAL GALEGA
Depósito de Imprenta 8 Cultura
SINDICATO LABREGO GALEGO
Concello de Carballedo

Para encargar a carne, chamar a: 982 46 63 51 - 982 46 61 66 - 982 46 62 71 - 609 84 73 92 - 696 98 97 67

O Ribeiro colabora con EVEGA na mellora da profesionalización do sector

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Protegida Ribeiro colaborará, un ano máis, no desenvolvemento das accións que a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA), centro dependente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), vai organizar durante o ano 2019, ao abeiro do "Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego".

O obxectivo principal deste programa de transferencia tecnolóxica, impulsado dende AGACAL, é contribuír a que os coñecementos, melloras e innovacións, cheguen ao sector fomentando a súa capacitación



A Feira do Viño será do 3 ao 5 de maio.

tanto en aspectos técnicos coma económicos.

O presidente do CRDO Ribeiro, Juan Manuel Casares apunta que "nestas accións búscase tamén a colaboración engadida doutras entidades como os con-

cellos da comarca e procuramos que se celebren, na medida do posible, en sedes que mostren o valor engadido da riqueza arquitectónica e cultural ou ben os recursos enoturísticos do territorio ribeirán".

Dezaseis adegas participaron na Feira do Viño de Chantada

A 37º Feira do Viño de Chantada celebrouse durante tres días, do 8 ao 10 de marzo, coa participación de 16 adegueiros da zona, que estiveron representados con outros tantos postos de venta de viño nunha carpa instalada na Praza de Galicia. O prezo mínimo de venta ao público estableceuse en 7 euros a botella, para os viños Ribeira Sacra, tanto o tinto xove como para o branco xove. Durante estes 3 días, puxérone á venda entre 20.000 e 25.000 litros de viño, polo que se estima un volume de negocio entre os 140.000 e os 150.000 euros.

Nesta 37 edición participaron 16 adegas, 14 eran de Chantada, unha dos Peares e unha de Taboada. Adega Enatur-Roberto Regal; Terras Bendaña; Lareu Sabatelivs; Vía



O alcalde, Manuel Lorenzo Varela, falándolle aos asistentes.

Romana; Amedo; Condado de Sequeiras; Albarduxe; Viña Garroña; Cabo do Mundo; Pilares de Belesar; Instinto Romano; Calexotes; Cipreses; Do Fortes; Teixeiro Lemos; e Santa María de Nogueira. Todas facilitaron un total de 144 botellas de viño para a cata popular.

Paralelamente á feira do

viño, instalouse outra carpa na Avenida de Monforte para celebrar a 11ª Feira de Oportunidades da Asociación de Empresarios de Chantada, na que participan 45 representantes dos comercios do municipio, con postos de venda de produtos locais e más de artesanía.

Manuel García pregoará a Festa do Viño do Ribeiro



A organización da Feira do Viño do Ribeiro (Concello de Ribadavia e CRDO Ribeiro), que este ano alcanza a súa 56ª edición, acordaron que o pregoeiro da seguinte edición sexa Manuel García Montero. Manuel García Montero, nado en Cenlle (1937), estivo vinculado durante toda a súa vida á comarca do Ribeiro, combinando o traballo familiar nas viñas coa súa profesión de mestre. Foi alcalde do Concello de Cenlle no período comprendido entre os anos 1969 e 2011, así como

presidente da Cooperativa Vitivinícola Viña Costeira durante máis de vinte anos e desde 2015 ostenta a súa presidencia de honra.

Tamén destacou por ser un dos promotores activos da fundación da Cooperativa Virxe do Cristal de Ribadavia e pola súa labor na reconversión da viticultura no Ribeiro, centrándose en recuperar variedades históricas e autóctonas como a Loureira, Godello, Albariño e Treixadura así como pola introdución de tecnoloxía tanto no traballo na viña e na adega.

Medallas en natación



O deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, acompañou aos familiares dos campións lucenses, no recibimento que lles fixeron á súa chegada de Special Olympics World Summer Games Abu Dhabi 2019. Os deportistas lucenses conseguiron dúas

medallas de ouro, dúas de prata e dúas de bronce en diferentes categorías de natación. Rivera Capón explicou que "quixemos recoñecer este gran éxito para o deporte da provincia que demuestra, unha vez máis, que as peores trabas para a competición son os prejuizos"

Galicia

Anuncios breves

VENTA DE LIBROS

Véndense coleccións de A Nosa Terra. (4 tomos do Exilio, de 1942 a 1972). Véndense 10 tomos de Prensa e Galeguismo (de 1907 a 1936).

Véndense 2 tomos de Os Nosos Cruceiros. 1 tomo de Os Lusiadas. (Teléfono 661781730).

Véndense 11 tomos de Tradiciones y Personajes de Galicia. 7 tomos de O Tío Marcos D'a Portela (segunda e terceira época). Teléfono 661 78 17 30.

Véndense Tomos encuadrados de A PENEIRA- De 1984 a 2.000 ou soltos. Razón: x.forapeneira@gmail.com

Véndense libros:

- "Mestres e mestras represaliados polo franquismo" e "Historias de Vida" De A. Serafin Porto Ucha- Razón: redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Vendese: "O Miño, unha corrente de memoria (varios autores) Razón: redaccion.ndt@gmail.com

Véndese "Memoria e silencio na Galiza contemporánea" De Angel Rodríguez Gallardo Tlf. 658 58 50 49

CLASES

Se dan clases de portugués e francés a domicilio.

Razón: tef. 657.25 99 86

Clases de guitarra en grupo ou individual.

Tel. 675.08 83 15

Clases de Matemáticas, Química e Biología Niveis de bacharelato ou universidade

Telf. 698 17 57 24

INMOBILIARIA

APARCADOIRO

50€/mes

Telf. 606 606 727

MOS-Sanguiñeda Finca 1100 m2. Edificable-Tel. 667 431 946

VIGO-VIVIENDA

Dos dormitorios, cociña, baño e salón

Vigo-Telf. 609 83 78 08

TOMIÑO-Dúas fincas

600 e 120m2

Telf. 626 26 46 56

PONTEAREAS

Terreo edificable 1600m2-Con permisos Telf. 986 33 35 02

PARCELAS

De 800/1200m2 Licencia e proxecto Ponteareas e Vilasobroso Tef. 629 413 124

VARIOS

COMPRO ORO

Comptamos oro-plata Platino-diamantes Tel. 637 568 739

DETECTIVES D.P.V.

Todo tipo de investigaciones Telf. 618 267 070

SAUDADE
CAFÉ · BAR

REVERIANO SOUTULLO, 3
PONTEAREAS
986 63 16 48 - 628 864 473

FUNERALES
GOYA
PUB

www.goyacafe.es

CITANIA
Móbiles & Descanso
Victoriano Pérez Vidal 13
SALCEDA DE CASELAS
Telf./Fax: 986 34 06 06

www.facebook.com/citania móbilescitania@gmail.com

MADERAS PUZO
Fábrica de Molduras

986 644 051 . carlos@maderaspuzo.com
www.maderaspuzo.com
Puzo - Lira s/n. 36862 Salvaterra de Miño

DECORACIÓN
SAMPAY

PINTURA DE INTERIORES Y EXTERIOR

José Ramón Sampayo Mañoz

Teléfono y Fax: 988 22 99 39 • Móvil: 609 44 82 88
sampayo@pinturasampayo.es

laboratorio
• Navas

• Praza do Ensino, Baixo s/n - Telf. y Fax: 988 223941 / 32002 OURENSE
• laboratorionavas@yahoo.es

ELECTRICIDAD

FELIX LOSADA

Tlf 653 345 741

Fontefría, Nº 9
Nogueira de Ramuín
skype: losada1
f.losada@yahoo.es

Seguimos ofrecéndolettes información interesante na nosa WEB
www.novasdoeixoatlantico.com
Visítennos

EIXO ATLÁNTICO
CORRIDO GALLEGOS-PORTUGUESES DA GALLARCA

CLINICA VETERINARIA QUIRÓN VET

Rúa Freixi GII nº 2 - 32005 Ourense
Telf: 988 10 32 17
Teléfonos Urgencias: 686888294
669472664
quironveta@hotmail.com
Horario: 10:00h - 14:00h y 17:00h - 20:30h

O'TREN

Pulpo a Feira, Eventos, Catering, Servicio de Carpa, Grupos, Peñas, etc...

Av. Marín, nº 9 - A Ponte - Ourense
988 21 27 11 - 600 80 59 14

Colóquio "Emigração para França na Década de 60"

O colóquio "Emigração para França na Década de 60", promovido pela Associação de Estudo, Cooperação e Solidariedade "Mulher Migrante", realiza-se no dia 5 de abril, sexta-feira, a partir das 10h00, na sala de conferências da Casa Museu de Monção/Universidade do Minho.

Com a colaboração da Câmara Municipal de Monção e diversas entidades educativas e culturais do concelho, o colóquio apresenta dois painéis, um de manhã e outro à tarde, testemunhos de pessoas que viveram a emigração na primeira pessoa, período de debate, e duas exposições, uma de fotografia e outra de pintura.

Ao longo do dia, estão pre-

vistas várias comunicações sobre a realidade da emigração para França na década de 60, nomeadamente, os motivos desta desbandada do país, o papel da mulher em contexto migratório, a integração dos "nossos" no país de acolhimento e a ligação umbilical ao local de origem.

O programa compreende ainda "Ateliês da Memória" com "Uma outra forma de partir", da autoria do Doutor Henrique Barreto Nunes, testemunhos de monçanenses que vão abordar a viagem "a salto" para França, e dramatizações encenadas pelos elementos da Universidade Sénior



de Monção e alunos da Escola Básica Deu-la-Deu Martins, coordenados pela professora Rosa Lima.

O programa do colóquio compreende ainda a abertura da exposição fotográfica "O Princípio", da autoria de Marcos Rodrigues, e da exposição de pintura "Fragmentos de um Tempo", da autoria de Lourdes Magalhães.

Día de Galicia na 52ª Feira Agro de Braga

A 52 edición de AGRO, Feria Internacional de Agricultura, Gando e Alimentación, que se celebrou na localidade portuguesa de Braga, organizou o Día adicado a Galicia. A comunitade foi representada por Ourense a través da delegada da Xunta, Marisol Díaz Mouteira; do xerente do INORDE, José Manuel Rodríguez González, e do director xerente de Expourense, Alejandro Rubín Carballo, no seu último acto oficial neste cargo antes da súa xubilación. Ademais da presenza de Ourense participou este ano a Fundación Semana Verde de Galicia.

En virtude dos convenios de cooperación transfronteiriza que Expourense mantén con distintas entidades do Norte de Portugal entre as que se atopa o novo Forum Braga, o recinto feiral ourensán contou cun stand dende o que pro-



Autoridades no stand de Expourense en Braga.

mocionou as súas vindeiras citas vencelladas ó sector primario e ó turismo e nas que o mercado portugués xoga un importante papel. Ambas as dúas entidades levan xa 20 anos colaborando para garantir a promoción dos seus recursos nos eventos organizados pola outra e que están relacionadas co termalismo, a gastronomía e o viño.

Visitaron a caseta de Expourense o vereador de Turismo da Câmara Municipal de Braga, Altino Bessa; o presidente e administrador da Invest Braga, Carlos Silva, e o director do

Forum Braga, Carlos Coutinho. "A cooperación entre o Invest Braga e Expourense é magnífica. No Xantar somos moi ben recibidos e aquí estamos para corresponder adicándolle un Día a Galicia. Cada ano medra o número de expositores galegos na nosa feira e oxalá cheguemos a ter tantos expositores galegos como Xantar ten de Portugal", indicou Altino Bessa, quen indicou que Braga foi elixido segundo mellor destino europeo en 2019.

Agro é unha cita que recibe máis de 80.000 visitas en catro días.

Aquamuseu convida crianças para Férias da Páscoa

Já estão abertas as inscrições para a edição 2019 das Férias da Páscoa no Aquamuseu do rio Minho, em Vila Nova de Cerveira, agendadas para de 9 a 12 de abril. Este ano, as crianças participantes são desafiadas a abordar a temática do vestimento dos animais.

À semelhança dos anos anteriores, a proposta é de qua-

tro dias de atividades lúdico-pedagógicas para crianças dos 7 aos 13 anos, preenchendo as férias letivas da Páscoa de uma forma divertida e pedagógica.

A participação nesta iniciativa tem um custo associado, devendo ser efetuada inscrição no Aquamuseu do rio Minho. O horário das ações é das 14h00 até às 17h00.

Monção em flor de camélia

Monção, Vila Florida" dedica um fim de semana às camélias com diversas atividades destinadas àquela flor. A iniciativa, que decorre no Hotel Convento dos Capuchos, realiza-se nos dias 6 e 7 de abril com a participação de associações locais e galegas e animação popular.

Nos dois dias, serão "mostrados" diversos trabalhos feitos com camélias e realçada a importância do cultivo desta planta tanto a nível ornamental como terapêutico. O Programa prevê ainda momentos musicais protagonizados pelos grupos "Almas de Fado" e "Os Teimosos".

A sessão de abertura, pelas 15h00, conta com a presença do autarca monçanense, António Barbosa. Segue-se a abertura de exposição de fotografia "Monção em Flor de Camélia", da autoria de fotó-

grafos monçanenses, e entrega de diplomas de participação aos expositores presentes.

Posteriormente, decorre a degustação de Camellia Sinesis acompanhada por doces típicos de Monção (roscas e papudos), culminando o dia com atuação do grupo "Almas de Fado". No domingo, o programa comprehende, pelas 11h00, uma visita pelos jardins de camélias do Convento dos Capuchos e, pelas 15h00, animação musical com "Os Teimosos".

"Monção em Flor de Camélia" insere-se na iniciativa "Monção, Vila Florida", a qual decorre durante a primavera com o embelezamento das ruas e largos da vila, bem como das fachadas dos estabelecimentos comerciais. No segundo fim de semana de maio, as ruas do centro histórico serão decoradas com tapetes floridos.



Novas da Raia

Redacción

Plataforma Arte e Cultura ganha espaço físico no Cine Teatro João Verde

A Plataforma Arte e Cultura (PAC), serviço municipal apoiado pelos artistas monçanenses Ricardo Campos, Patrícia Oliveira, Paulo Lobato e Ilídio Castro, está no terreno há alguns meses com intervenções em espaços públicos e educativos, bem como na realização de manifestações culturais.

Na terça-feira, feriado municipal, ganhou um espaço físico no último andar do Cine Teatro João Verde. Ao longo da subida, são visíveis frases apologistas da cultura nos degraus e paredes. Chegados ao

local, uma sala ampla que passará a receber pequenos espetáculos, ações de formação e oficinas de trabalho.

Será, podemos dizer, um encontro com a cultura num espaço adaptado para complementar a oferta cultural do Cine Teatro João Verde e para incentivar a imaginação e criatividade junto dos jovens monçanenses, através da aprendizagem e aperfeiçoamento de áreas como o teatro, o desenho, a pintura ou a escultura.

Após dar as boas vindas aos presentes, João Oliveira, falou da atividade desenvolvida pela

Plataforma Arte e Cultura, focando a pintura de murais nas escolas, a criação de presépio e ateliê na iniciativa "Monção - Vila Mágica", a representação teatral no "Fim de Semana do Cordeiro à Moda de Monção - Maravilha de Portugal", e a Mostra de Teatro Escolar "Represent'Art", cuja apresentação decorrerá nos dias 6 e 7 de abril, no Cine Teatro João Verde.

Apelidando o novo espaço como "incubadora artística", o responsável pela pasta da cultura acredita que "daqui surgirão boas ideias para a promoção cultural do território" e "para



a criação de novos públicos vocacionados para a criação e fruição de atividades culturais". Sustentou que a PAC está aberta

a todas as pessoas que mostrem curiosidade pela cultura ou pretendam valorizar a sua vocação artística.

Henrique Silva eleito presidente do conselho científico da Fundação Bienal de Arte de Cerveira

Henrique Silva foi eleito, por unanimidade, presidente do Conselho Científico da Fundação Bienal de Arte de Cerveira (FBAC) esta quarta-feira, tendo sido também nomeados o vice-presidente, Ignacio Barcia Rodríguez (Facultad de Belas Artes de Pontevedra Universidad de Vigo) e a secretária Rute Rosas (Faculdade de Belas Artes da Universidade do Porto).

Composto por individualidades de reconhecido mérito na cultura, este órgão tem como competências dar parecer sobre a política cultural da atividade expositiva e divulgação; dar parecer sobre qualquer matéria de interesse da FBAC, desde que lhe seja pedido pelo Conselho Diretivo e propor a realização de atividades culturais e a aquisição de novas peças.

Henrique Silva foi vice-presidente da FBAC e coordenador cultural (2013-2015), tendo assumido funções de diretor

artístico da Bienal Internacional de Arte de Cerveira entre 1995 e 2007 e em 2015. Em dezembro de 2016 é nomeado Presidente do Conselho de Fundadores da FBAC. Foi diretor executivo da Associação Projeto - Núcleo de Desenvolvimento Cultural (1995-2007) e da Cooperativa Árvore (1978-1996).

Em Paris, de 1961 a 1963, foi bolseiro da Fundação Gulbenkian. Licenciou-se pela Université de Paris VIII, no ano de 1977, em Artes Plásticas para o Ensino. Em 2016 obteve o grau de Doutor em Média-Arte Digital pela Universidade Aberta com distinção e louvor.

Foi diretor geral e pedagógico da Escola Profissional de Economia Social em 1989/91 e 1998/2000. Participou em seminários e reuniões internacionais em Varsóvia (1983), Bruxelas (1986), Creta (1987),



entre outros, sobre políticas de desenvolvimento territorial e cultural.

Expõe regularmente desde 1958. Realizou mais de 50 exposições individuais em França, Espanha, Bélgica, Suíça, Brasil e Portugal, e mais de 200 exposições coletivas entre a Europa, América e Japão. É diretor do curso de Artes Plásticas e Multimédia na Escola Superior Gallaecia. É autor do livro "Diários - entre a angústia e a afirmação", edição do Atelier Gondar (2012).

Aquamuseu implementa projeto 'Onda Verde no Vale do Minho'

OMunicípio de Vila Nova de Cerveira, através do Aquamuseu do rio Minho, está a liderar um novo projeto no âmbito dos resíduos sólidos urbanos. 'Onda Verde no Vale do Minho' pretende dar contributos de melhoria nesta matéria, através de um maior envolvimento das populações dos concelhos abrangidos.

O Vale do Minho ainda está aquém das metas estipuladas no Plano Estratégico para os Resíduos Urbanos (PERSU2020) para o sistema de gestão desta região, no que diz respeito à produção de resíduos por habitante, aos resíduos separados e às quantidades depositadas em aterro.

O projeto 'Onda Verde no

Vale do Minho', financiado pelo POSEUR, pretende contribuir para a mudança deste cenário, através de uma ação, que decorrerá até 2020, e que engloba um maior conhecimento da gestão de resíduos na região, a identificação de desafios, a análise da percepção dos cidadãos e a criação e conteúdos para diferentes públicos.

Neste momento, o projeto encontra-se já na sua fase inicial, estando a ser desenvolvido um diagnóstico dos resíduos sólidos urbanos junto das entidades de recolha e valorização de resíduos, das autarquias e juntas de freguesia, nos municípios de Melgaço, Monção, Valença, Vila Nova de Cerveira e Caminha.



“Degusta Europa” arranca unha nova edición nos concellos da provincia de Pontevedra vinculada este ano a campaña “Fame de Experiencias”

Os prestixiosos centros Carlos Oroza de Pontevedra e Manuel Antonio de Vigo volverán a ser os protagonistas da cuarta edición do programa da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra da o pistoletazo de saída á cuarta edición do programa “Degusta Europa” que, un ano máis, levará a vanguarda e a innovación gastronómica aos mercados e prazas de abastos de concellos da provincia ao abeiro da celebración do Día de Europa. A presidenta Carmela Silva explicou hoxe que o programa comezará a próxima semana e percorrerá os concellos do Grove, Bueu, Pontevedra, A Guarda, Baiona e Vigo. “A través de “Degusta

Europa”, que este ano imos a vincular loxicamente a nosa campaña “Fame de Experiencias” que potencia a enogastronomía, pretendemos como cada ano dinamizar os mercados municipais dándolles un toque de innovación e vanguarda grazas ao noso produto de excelencia e ao talento do alumnado dos prestixiosos centros Carlos Oroza de Pontevedra e Manuel Antonio de Vigo”.

A presidenta da Deputación de Pontevedra detallou que esta nova edición “pasará polo

Grove, o 2 de abril de 11.00h a 12.00h; por Bueu, o 4 de abril de 11.00h a 12.00h; por Pontevedra, o 5 de abril, de 12.00h a 13.00h; por Baiona, o 10 de abril de 11.00h a 12.00h; pola Guarda, o 11 de abril de 11.00h a 12.00h, e por Vigo, o 12 de abril de 12.00h a 13.00h”. Nas tres primeiras paradas o menú correrá a cargo do Carlos Oroza e as tres últimas do Manuel Antonio.

En todas as actividades o alumnado dos dous centros traballará con produtos das

nosas rías e da nosa terra para elaborar unha serie de tapas inspiradas na temática europea. Na rolda de prensa Silva subliñou que “algúns pasos das tapas faranse no centros de formación o día antes ou o mesmo día antes de saír, e logo no propio mercado farase unha compra para terminalas ‘in situ’ tendo en conta o produto local”. Para rematar, tamén salientou do programa que “consegue ligar produtos do mar e da terra e empregar produtos da nosa costa e do noso interior que cada vez teñen máis demanda, como é o caso das mazás”.

A primeira das quendas terá lugar no Grove, o vindeiro martes. Alí, o alumnado do Carlos Oroza levará de menú:

galletas mariñeiras con paté de marisco, croquetas variadas de peixe e marisco e empanada de mazá da Estrada. Todas estas tapas estarán acompañadas de auga da Estrada e bellini de melocotón.

Nas posteriores paradas de “Degusta Europa” as persoas que se acerquen ao seu mercado municipal poderán gozar doutras saborosas tapas como ensalada con peixe escabechado, tarta de queixo galego con marmelada de mazá, crema de caldo de cocido con lacón e chourizo, lambetada de Paté de mexillón da nosa ría, cristais de alga e pau de colín, ou pipiritapa de laconio, crocante de pan de castañas con prebe de mar e montaña.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ELABORACIONES DO CIFP MANUEL ANTONIO

- PRAZA DE ABASTOS ÁNGEL BEDRÍJANA DE BAIONA
MÉRCORES 10 DE ABRIL, DE 11 A 12 H
- PRAZA DE ABASTOS DA GUARDA
XOVES 11 DE ABRIL, DE 11 A 12 H
- MERCADO DO PROGRESO DE VIGO
VENRES 12 DE ABRIL, DE 12 A 13 H

ELABORACIONES DO CIFP CARLOS OROZA

- PRAZA DE ABASTOS DO GROVE
MARTES 2 DE ABRIL, DE 11 A 12 H
- PRAZA DE ABASTOS DE BUEU
XOVES 4 DE ABRIL, DE 11 A 12 H
- MERCADO DE ABASTOS DE PONTEVEDRA
VENRES 5 DE ABRIL, DE 12 A 13 H

Degusta
EUROPA
FAME DE EXPERIENCIAS?

**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**

II Xornada TurisTIC "O Turismo Intelixente", o 10 de abril en Vigo

A Deputación de Pontevedra ten en marcha, como actividade programada e de interese xeral, a II Xornada TurisTIC "O Turismo Intelixente". Será o vindeiro 10 de abril no museo Verbum de Vigo. Tras o éxito do primeiro foro TurisTIC, celebrado o ano pasado no Castelo de Soutomaior, agora vaise desenvolver esta nova xornada centrada no turismo intelixente. "Seguimos avanzando así con paso firme para converter a provincia de Pontevedra nun destino turístico intelixente", explicou a presidenta da Deputación, Carmela Silva.

A II Xornada Turistic será "un gran evento no que o obxectivo será promover a colaboración e o intercambio de boas prácticas entre empresas do sector turístico, empresas tecnolóxicas e institucións públicas do noroeste peninsular (Galicia, Asturias, Castela e León, Cantabria e o País Vasco)". Para participar neste foro o prazo xa está aberto (ata completar aforo) é só é necesario cubrir o formulario dispoñible na páxina web de SmartPeme.

A través de relatorios e mesas redondas, na II Xornada Turistic as persoas asistentes analizarán as oportunidades e os desafíos para o sector turístico e a xestión de destinos intelixentes. Vanse desenvolver tres mesas redondas: "A gobernanza nos destinos turísticos intelixentes", "A innovación aplicada á comercialización turística" e "A tecnoloxía. Presente e futuro do sector". Nos relatorios abordarase a colab-



boración público-privado nos destinos turísticos intelixentes e a importancia dos datos para a xestión do destino, haberá un espazo para a exposición de exemplos de turismo intelixente na provincia de Pontevedra e haberá unha presentación de solucións innovadoras.

Desafío DESTinno

A presidenta provincial tamén adiantou que, dentro deste foro, enmárcanse dúas iniciativas moi relevantes de apoio ao tecido empresarial e á modernización do sector turístico. Trátase do primeiro Desafío DESTinno e do Centro de Demostración de Solucións Tecnolóxicas. "Impulsamos, en colaboración con Zona Franca de Vigo, un hackathon para desenvolver solucións innovadoras con ferramentas de creacións de aplicacións", expuxo Silva, quen engadiu que a proposta gañadora recibirá 3.000 euros en metálico, entre outros galardóns.

O Desafío DESTinno busca aproveitar o talento da provincia para crear solucións in-

novadoras relacionadas cos eixos dos destinos turísticos intelixentes (gobernanza, innovación, tecnoloxía, accesibilidade e sustentabilidade). O desafío consiste en crear unha solución innovadora empregando ferramentas de creación de aplicacións. Para participar no Desafío DESTinno hai que cubrir un formulario que estará dispoñible na sección de SmartPeme na web da Deputación ou chamando por teléfono ás oficinas da rede SmartPeme.

Centro de Demostración de Solucións Tecnolóxicas

"Ademais deste Desafío DESTinno, o foro tamén terá un Centro de Demostración de Solucións Tecnolóxicas. En colaboración co Clúster do Turismo de Galicia e co Clúster TIC Galicia, 15 proxectos que hibridan turismo e tecnoloxía porán en valor o noso talento emprendedor", destacou a presidenta da Deputación, que asegurou que "será un escaparate único no que mostrar proxectos que combinan o mundo tecnolóxico e o turístico". Poderán parti-

cipar nesta iniciativa un máximo de 15 propostas, que deste xeito poderán presentar e interactuar nunha sala con máis de 150 persoas especializadas do sector.

Carmela Silva salientou así que dende a Deputación "seguimos apostando a fondo polo turismo e contando coa colla-

así o traballo concerto neste foro con Zona Franca, Clúster de Turismo e Clúster TIC Galicia. Cómpre lembrar ademais que a Deputación de Pontevedra é, xunto con Avilés, a única administración do noroeste peninsular dentro da Comisión Executiva da Rede Nacional de Destinos Intelixentes.

Axudas para actividades turísticas 2019

A presidenta da Deputación informou tamén de que a Xunta de Goberno vén de darlle o visto bo ás bases reguladoras das axudas para actividades de carácter turístico durante 2019. O obxectivo destas axudas é colaborar no fomento do turismo e na profesionalización do sector turístico da provincia de Pontevedra. Son obxecto de achegas as actividades de fomento do turismo que teñan como fin, ben a promoción e o estímulo dun



boración das grandes institucións e entidades do sector turístico e das novas tecnoloxías, todos e todas para converter a nosa provincia nunha referencia no uso das TIC no sector do turismo", lembrando

sector turístico competitivo, de calidade, accesible e sustentable; ou ben a promoción dos distintos recursos turísticos da provincia. O Goberno provincial inviste nesta iniciativa un total de 130.000 euros.